

A MIRADA LÚCIDA

Despois da liña de celebración erótica que sobranceaba nas súas primeiras obras, do telurismo que asumiu o lugar central nas seguintes e da presenza dun mundo urbano alienante e ríspido nas máis próximas, transita agora Miguel Anxo Fernán-Vello novos camiños coa súa obra poética derivando en *Territorio da desaparición* cara ó que el mesmo denomina como “poesía de intervención”. É dicir, o autor recupera a liña de denuncia e compromiso social que fora tan importante nos anos sesenta e setenta establecendo, deste xeito, un enlace directo coa tradición da poesía combativa onde destacan os nomes de Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro, iniciador e figura máis emblemática desta tendencia. Con todo, non asume Fernán-Vello a veta social dunha maneira mimética co pasado, antes ben, na súa obra segue a ser relevante o coidado lingüístico, o traballo da palabra, por máis que a mensaxe sexa agora máis directa, clara e rotunda para expor sen veladuras a reflexión crítica sobre a sociedade actual. De aí que a voz lírica opte, en ocasións, por interpelar ó auditorio falándolle en primeira persoa como acontece no “Discurso parlamentar dos pobres” ou en “A escena”, claras mostras desa apelación ó lector a través das preguntas retóricas: “¿Que fan vostedes aí, en grupo, ollando cara ao ceo?/ ¿Por que insisten en ollar así, coas súas cabezas altas e inclinadas,/ como se concentrasen nese xesto o silencio do mundo?/ ¿Que queren demostrar? ¿Que agardan?/ No ceo non hai nada”. Alienación, desorde, ruína, caos, silencio, nada e desaparición son termos reiterados no poemario que nos poñen en contacto cunha realidade non por habitual menos dolorosa. A mesma que experimentan os rexeitados pola sociedade (indixentes, inmigrados, repatriados, xentes que viven o exilio...) a quen o poeta dá voz nos seus versos, pois só a palabra é capaz de converterse nun rito de resistencia “Porque o poema é a chama resultante do home, /o seu límite puro”.

No texto que actúa a modo de pórtico no libro, “A casa”, atopámonos cun lugar que xa vén sendo común entre varios dos poetas galegos máis recentes: a presenza da casa como garda da memoria, lugar exposto ó paso do tempo e símbolo do propio ser que devala cara á súa ruína existencial. É esta “a casa que nos queima, sen sabelo, a esperanza;/ a casa que nos deixa a dor inmóbil/ do recordo,/ a mordedura do vento nas tempas,/ un sepelio de camiños baleiros/ e a alma fría e desolada/ como un país sen memoria/ que xa non existe no futuro”. É esta casa, baleira e destruída polo tempo, o monumento máis doloroso á ruína, á desaparición da historia familiar, do legado que os outros foron preservando para nós coa súa propia vida. Eis o exemplo de Alexandre Bóveda a quen se dedica un dos poemas máis fermosos do libro, aquel onde se afirma que “A túa causa é tan nosa como o fervor dos días/ que se propaga

enteiro arredor do teu nome,/ e todas as bandeiras do mencer liberado/ están aquí arredor do teu soño./ Non poderán os bárbaros cruzar a transparencia/ que respiraba en ti e que hoxe sentimos renacer como un río/ aberto e comunal,/ medrando como os campos sementados de luz, / porque somos os fillos da túa estrela e levamos no sangue/ o rumor acendido dunha chama, o cerne dun cantar./ E aquí estamos os teus termendo forte contra o vento fatal,/ no corazón da casa, no centro da esperanza,/ na palabra que eleva a lucidez do ser". Pero a casa destrúese unha e outra vez, como en Serbia ("Europa 1999") ou no "país sen alento" de "Lentitude da derrota" e só queda ir reconstruíndoa paso a paso con eses leves fragmentos de luz que o propio poeta nos aporta. Deste xeito, o poemario péchase con dous poemas longos ("As praias" e "Cantiga Finisterrae para múltiples voces de luz") que recuperan a liña telúrica do pasado para afondar na reflexión sobre o entorno natural. Dúas notas de optimismo fronte "a dor descoñecida, /a dor distante,/ a dor que non se explica" propia dun eu poético que teima por facernos partícipes da súa mirada lúcida, por máis que esta sexa a causa da súa expulsión da cidade, do seu desterro a un lugar onde "Só o silencio é presenza, o seu perfil tan denso/ ocupando o espazo,/o seu clamor abstracto rozando a transparencia".

TERESA SEARA

Tempos Novos, 90, novembro 2004, p. 72